



PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO. CURSO 2020/2021

Información ao alumnado e ás familias segundo establece o artigo 13.2 da Orde que regula o procedemento de admisión:

a) Normativa que regula o procedemento de admisión

- Decreto 254/2012, do 13 de decembro (DOG 26/12/2012)
- Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG 15/03/2013) modificada pola Orde do 25 de xaneiro de 2017 (DOG 01/02/2017)

b) Postos escolares ofertados (**Pendente de aprobación definitiva que terá lugar antes do 1 de marzo**):

CURSO	VACANTES	VACANTES NEE
4º Educación Infantil	50	6*
5º Educación Infantil	2	
6º Educación Infantil	0	
1º Educación Primaria	0	
2º Educación Primaria	0	
3º Educación Primaria	13	
4º Educación Primaria	0	
5º Educación Primaria	1	
6º Educación Primaria	1	

* As 6 prazas para alumnado con Necesidades Educativas Especiais (NEE) están incluídas dentro das 50 vacantes. No caso de non cubrirse con alumnado con NEE cubriranse con alumnado sen NEE.

c) Prazo de presentación de solicitudes

1 ao 23 de marzo

d) Nota informativa

1- Só se pode presentar 1 solicitude de admisión. A solicitude de admisión presentárase a través da aplicación informática admisionalumnado (<https://edu.xunta.es/admisionalumnado>). **Tamén se pode presentar de forma presencial no centro docente indicado como primeira opción** utilizando o formulario normalizado. Se presentan máis dunha solicitude é unha infracción e perderán a posible prioridade que poida corresponderlles

2- Se o alumnado con dereito a permanencia fai solicitude de admisión noutro centro o ten que comunicar ao mesmo tempo no centro de orixe

3- Se o alumnado que ten reservada praza nun centro e decida presentar solicitude de admisión noutro centro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión



e) Prazo de presentación de documentación xustificativa dos criterios alegados para o baremo, se é o caso:

- 10 días hábiles contados a partir dos 2 días seguintes ao remate do prazo para presentar as solicitudes de admisión (**26 de marzo ao 14 de abril, ambos incluídos**)
- No caso de non presentar a documentación xustificativa do criterio alegado o baremo será cero
- Hai que presentar copias e orixinais para o cotexo

f) Publicación da listaxe provisional de admitidos e non admitidos:

- 24 de abril ás 14:00 h.

Reclamación á listaxe provisional de admitidos e non admitidos:

- 5 días hábiles dende o día seguinte á publicación da listaxe provisional dirixida ao Consello Escolar

Publicación da listaxe definitiva de admitidos e non admitidos

- 14 de maio ás 14:00 h.

Reclamación á listaxe definitiva de admitidos e non admitidos

- Recurso de alzada ante a xefa territorial no prazo de 1 mes dende o día seguinte á publicación

g) Prazo para formalizar a matrícula

- 20 ao 30 de xuño

h) Centro de adscrición do CEIP Illa Verde

- IES Sanxillao

i) Área de influencia do centro:

Está exposta na secretaría e na web do centro

j) Servizos educativos complementarios: Hai servizo de almorzo e xantar. Estes servizos os xestiona o Concello de Lugo (Programa Unha Escolar Aberta)

***Criterio complementario aprobado polo CEIP Illa Verde: 1 punto ao escoller só centros públicos na solicitude de admisión. A acreditación deste criterio farase de oficio polo centro empregando a propia solicitude de admisión.**

***As familias poderán consultar o estado de tramitación das súas solicitudes a través da aplicación informática admisionalumnado (<https://edu.xunta.es/admisionalumnado>) utilizando o código da solicitude e o DNI da persoa solicitante.**

***Se o solicitante escolle a notificación electrónica como medio de notificación preferente, a Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Educación, Universidade e F.P notificaralle os actos e trámites da súa competencia a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@ (<https://notifica.xunta.gal>)**

*** Poden atopar o Proxecto Educativo do centro na páxina web do colexio:
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipillaverde/taxonomy/term/154>**